



Eu protesto

Proxecto interdisciplinar

valadares
ies.valadares@edu.xunta.es

IES VALADARES

BIBLIOTECA O SOBREIRAL DAS PALABRAS

CURSO 2018-2019

Índice

1. Introducción	2
1.1. Xustificación	2
1.2. Obxectivos, liñas de actuación e competencias	3
1.3. Temporalización	4
2. Obxecto e temática de investigación propostas	4
3. Descrición do proceso de deseño e elaboración	6
3.1. Deseño do proxecto	6
3.2. Desenvolvemento	6
3.3. Final do proxecto	12
4. Documentación elaborada	14
4.1. Para o profesorado	14
4.2. Para o alumnado	14
5. Tarefas realizadas polo alumnado	14
6. Recursos utilizados	15
7. Implicación da comunidade educativa	15
8. Difusión dos traballos	15
8.1. A rede	15
8.2. O centro	16
9. Avaliación.....	16
9.1. Avaliación do proxecto	16
9.1. Avaliación do alumnado	16
10. Función e participación da biblioteca	16

1. Introducción

1.1. Xustificación

Dende hai tres anos a biblioteca do IES Valadares comezou un camiño lento, reflexivo e activo de cales serían as bases nas que se debería comezar a construír un novo modelo de biblioteca escolar. Xa van tres cursos no PLAMBE que axudaron a dar un pulo ao traballo que se estaba a desenvolver e que validou os argumentos daqueles que crían nun novo modelo de biblioteca nun instituto de secundaria.

Este ano demos un paso máis afondando no traballo da alfabetización informacional e no traballo interdisciplinar. Unha das apostas foi deseñar un proxecto de centro coordinado pola biblioteca no que participase gran parte do profesorado e do alumnado.

Este proxecto xorde nun proceso de cambio que se está a desenvolver no centro dende hai uns anos, un cambio que aposta por afianzar o traballo con metodoloxías activas e o deseño de tarefas nas que participan diferentes materias. Este proceso vai acompañado da documentación e experimentación con diferentes programas de formación do profesorado. O primeiro PFPP centrouse no deseño de tarefas e no traballo competencial, así como na formación en bibliotecas escolares. Neste segundo PFPP as liñas de traballo son: o traballo cooperativo, o tratamento integrado de linguas e a internacionalización. Todos estes camiños levan ao mesmo destino: unha aposta por unha **metodoloxía inclusiva, activa e participativa**.

Non é o primeiro proxecto que se realiza no centro pero si o primeiro no que intervéñ máis profesorado e alumnado e o que tivo maior repercusión.

Todos os niveis e máis da metade do profesorado participou en maior ou menor medida. Ademais coordinouse o traballo con **diferentes departamentos** de EDNL (impulsor e motor tamén do proxecto), actividades extraescolares, orientación.

A temática parte do proxecto realizado o curso pasado nas materias de CCSS e francés que se centrou no *Maio do 68*. Continuando con esta liña temática decidiuse que a **PROTESTA** ía ser o fío condutor desta proposta interdisciplinar.

1.2. Obxectivos, liñas de actuación e competencias

Estes son os **principais obxectivos** que se pretendían acadar:

- Promover o desenvolvemento crítico.
- Destacar as relacións entre os contidos AMI e os currículos.
- Promover a realización de tarefas interdisciplinares.
- Estimular o emprego de metodoloxías activas.
- Desenvolver as competencias transmedia e as alfabetizacións múltiples.

As **liñas de actuación** (*ler, escribir, falar, escoitar, investigar, reflexionar e compartir*) centráronse en catro liñas temáticas: a protesta polo inxusto, polo invisible, polas agresións ambientais e polas discriminacións.

Traballáronse as seguintes competencias con estas liñas de actuación e liñas temáticas:

- Competencia lingüística: lectura e creación de poemas, lectura de cómics, lectura de textos informativos, fomento da expresión oral.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: deseño de robots.

- Competencia dixital: busca de información en internet, utilización de aplicacións para amosar os produtos finais.
- Competencia aprender a aprender: fomento da autonomía do alumnado no proceso de traballo coa información.
- Competencias sociais e cívicas: coñecemento e respecto por diferentes épocas históricas e movementos de protesta.
- Sentido da iniciativa e do espírito emprendedor: autonomía do alumnado no desenvolvemento de diferentes obradoiros.
- Conciencia e expresións culturais: achegamento do alumnado a diferentes expresións culturais (poesía, cómic, arte, pintura, intervencións artísticas...).

1.3. Temporalización

O deseño do proxecto fíxose no primeiro trimestre e o desenvolvemento centrouse, maioritariamente, no segundo. Na Semana Cultural, no mes de abril, expuxéronse todos os traballos nunha exposición que ocupou todo o centro.

2. Obxecto e temática de investigación propostas

O tema central do proxecto é a **PROTESTA** que se propón traballar dende diferentes perspectivas: a arte, o cómic, a poesía, as linguas, a música, a natureza... e distintos puntos de vista: a protesta, a revolución, a resistencia... Todas as propostas traballadas agrupáronse en **catro liñas temáticas**. Cada proposta foi traballada en diferentes materias e niveis educativos durante todo o trimestre. Realizáronse diferentes tarefas na aula antes da elaboración do produto final.

– **EU PROTESTO POLO INXUSTO**

- **Os invisibles: EPV 3º ESO**
- **Científicos invisibles: MAT e FQ 1º e 2º ESO**
- **Poesía escura: LC, LG, LI, LF 1º, 2º, 3º, 4º ESO**

– **EU PROTESTO POLO INVISIBLE**

- **Cómics protesta: CCSS e Valores 1º, 2º, 3º, 4º ESO**
- **A protesta nas obras de arte: 1º, 2º, 3º, 4º ESO**
- **Yo protesto: LC 1º e 3º ESO**
- **Protestarium: LC 3º ESO**

– **EU PROTESTO POLAS AGRESIÓNS AMBIENTAIS**

- **O monte é a casa de todos: LG e CN 1º, 2º e 3º PMAR**
- **Ameazas, ameazadas: ITI 1º ESO**
- **Reciclaxe: TECNO e ASL 2º ESO e 2º e 3º PMAR**

– **EU PROTESTO POLAS DISCRIMINACIÓNS**

- **Linguas minoritarias: CCSS e Valores 1º, 2º, 3º, 4º ESO**
- **Chanzos poéticos: club de lectura**
- **Papiroflexia como protesta: Hª Sadako 1º, 2º, 3º, 4º ESO**

3. Descrición do proceso de deseño e elaboración

3.1. Deseño do proxecto

O proxecto foi deseñado polo equipo de biblioteca no primeiro trimestre. A proposta inicial foi traballar o tema da PROTESTA dende diferentes perspectivas e puntos de vista.

Aínda que algunhas propostas se comezaron a traballar no primeiro trimestre, a maior parte realizouse no segundo. No mes de abril todos os produtos finais foron expostos, coincidindo coa Semana cultural.

O profesorado implicado presentou a súa proposta partindo desta liña temática e seguindo un [modelo](#). No mes de xaneiro enviouse un correo ao profesorado e colocouse na sala de profesores a planificación e temporalización do proxecto.

3.2. Desenvolvemento

Durante o proceso a biblioteca guiou o traballo e achegou diferentes recursos tanto a profesorado como alumnado. Nestes cadros quedan reflectidas as propostas traballadas en cada nivel educativo.

EU PROTESTO POLO INVISIBLE			
QUE?	QUEN?	ACTIVIDADES	PARA QUE?
OS INVISIBLES	EPV 4º	<ul style="list-style-type: none"> – Aproximación á obra de Jaume Plensa, un dos máximos expoñentes da escena escultórica actual. – Posta en común de propostas de obras escultóricas onde a esencia está no invisible coma nas obras de Jaume Plensa. – Deseño de obras seguindo as pautas explicadas. 	Reflexionar sobre a invisibilidade dalgúns dos problemas da nosa sociedade actual.
CIENTÍFICOS INVISIBLES	MAT FQ 1º e 2º	<ul style="list-style-type: none"> – Selección de científicos galegos. – Busca de información de cada un dos científicos. – Creación de carteis informativos seguindo un modelo. 	Reflexionar sobre a cantidade de persoas anónimas que cambian a nosa historia.
POESÍA ESCURA	LCL, LG LI, LF 1º, 2º, 3º, 4º	<ul style="list-style-type: none"> – Lectura de poemas. – Selección de textos para a creación dos textos poéticos. – Creación de poemas agochando palabras. 	Valorar a importancia da escritura cotiá. Achegar ao alumnado á poesía.

EU PROTESTO POLO INXUSTO			
QUE?	QUEN?	ACTIVIDADES	FINALIDADE
CÓMICS PROTESTA	VAL CCSS LG 1º, 2º, 4º	<ul style="list-style-type: none"> – Selección de cómics, de temática histórica (relacionada cos temarios de cada curso) e cun claro carácter reivindicativo/protesta do feito histórico que o contextualiza. – Realización en grupos da lectura e análise do cómic. – Elaboración dunha presentación coa explicación do cómic, películas, poesías, cancións relacionadas con el. – Elaboración dun panel explicativo para a exposición da liña do tempo. 	<p>Ler cómics que recollan diferentes épocas históricas.</p> <p>Investigar distintos acontecementos históricos.</p> <p>Explicar e compartir o aprendido.</p>
A PROTESTA NAS OBRAS DE ARTE	VAL CSS TITORÍA 1º, 2º, 3º, 4º	<ul style="list-style-type: none"> – Selección de obras que recollan un momento ou acto protesta. – Busca de información sobre o cadro ou obra artística escollida. – Posta en común de que aspectos do cadro hai que reproducir. – Recreación da obra. – Concurso para escoller a mellor recreación. 	<p>Valorar diferentes obras de arte.</p> <p>Investigar sobre a protesta en épocas distintas.</p> <p>Recrear obras de arte tendo en conta os aspectos traballados.</p>

YO PROTESTO	LC 1º, 3º	<ul style="list-style-type: none"> – Selección do tema de protesta. – Busca de información sobre o tema escollido. – Creación dun texto expositivo. – Preparación da exposición oral. – Creación de códigos QR. 	Buscar e traballar coa información, así como comunicar o coñecemento.
	LC 3º	<ul style="list-style-type: none"> – Lectura de diferentes tipos de textos. – Creación de textos nos que a protesta é o fío condutor. – Creación dun caderno poético onde se mestura a protesta e o sentimento. 	<p>Aprender ao alumnado o uso responsable das TICs.</p> <p>Espertar o gusto pola escritura e a lectura.</p>

EU PROTESTO POLAS AGRESIONS AMBIENTAIS

QUE?	QUEN?	ACTIVIDADES	FINALIDADE
NON ESQUEZAS O MONTE	LG CN 1º E 2º	<ul style="list-style-type: none"> – Elaboración de fichas coa información de cada unha das árbores escollidas. – Recollida de poemas e ditos onde aparecen estas árbores. – Obradoiro de papel reciclado. 	<p>Reflexionar sobre as desfeitas ambientais.</p> <p>Investigar sobre os nosos montes.</p> <p>Ler poesía.</p>

AMEAZAS, AMEAZADAS	ITI 1º	<ul style="list-style-type: none"> - Busca de información sobre as ameazas que sofren as árbores e plantas. Tratamento da información seleccionada. Comunicación da información aos compañeiros e posta en común. - Creación de carteis informativos sobre as ameazas que sofren os nosos montes e sobre as plantas que supoñen unha ameaza. 	<p>Analizar as ameazas das nosas árbores.</p> <p>Investigar sobre diferentes árbores do mundo.</p> <p>Crear textos informativos coa información seleccionada.</p>
RECICLAXE	TECN ALS 2º PMAR	<ul style="list-style-type: none"> - Reflexión sobre hábitos de consumo responsable e reutilización e reciclaxe de produtos xa adquiridos. - Busca de material de refugallo. - Creación de robots con material de refugallo. 	<p>Reflexionar sobre os nosos hábitos de consumo.</p>

EU PROTESTO POLAS DISCRIMINACIONS

QUE?	QUEN?	ACTIVIDADES	FINALIDADE
LINGUAS MINORITARIAS	VAL 1º, 2º, 3º, 4º	<ul style="list-style-type: none"> - 1º ESO: Elaboracións de fichas sobre as lendas, contos e historias dos pobos que conservan linguas minoritarias. - 2º ESO: Elaboración de fichas sobre as lendas, contos e historias dos pobos que conservan linguas minoritarias. - 3º ESO: Información xeral do Ano Internacional da UNESCO. Cartel xeral da exposición. Carteis co saúdo “Ola” nas linguas minoritarias traballadas. Carteis e presentacións/Información xeral de por que se celebran os anos internacionais. 4º ESO: Elaboración dun mural con fichas das linguas traballadas. 	<p>Identificar e analizar linguas minoritarias.</p> <p>Investigar sobre estas linguas.</p>

CHANZOS POÉTICOS	Club de lectura	<ul style="list-style-type: none"> – Lectura e selección de versos de diferentes obras de Carlos Negro. – Obradoiro creativo na biblioteca para pintar no que puido participar voluntariamente todo o alumnado. – Xantar literario con Carlos Negro. 	<p>Ler e gozar da poesía.</p> <p>Reflexionar sobre a igualdade de xénero na nos vida cotiá.</p>
COLUMNNA DA IGUALDADE	EPV	<ul style="list-style-type: none"> – Posta en común de propostas de obras escultóricas onde a esencia está no invisible coma nas obras de Jaume Plensa. Deseño de obras seguindo as pautas explicadas. – Creación de bolboretas violetas e negras que foron recortadas por todo o alumnado e profesorado voluntario na biblioteca do centro. 	<p>Reflexionar sobre a igualdade de xénero na nos vida cotiá.</p> <p>Valorar as manifestacións artísticas.</p>

3.3. Final do proxecto

A principios de abril iniciouse a colocación seguindo unha planificación previa que foi proposta polo equipo de biblioteca. Deste xeito o instituto converteuse nunha gran sala de exposicións que recollía as producións de todo o alumnado do centro.

- a. Creáronse **carteis informativos** que amosaban unha breve explicación de cada un dos puntos da exposición.

- b. Elaborouse unha [unidade didáctica](#) para poder traballar a exposición en diferentes materias.
- c. Deseñouse un [xogo](#) para percorrer a exposición dun xeito lúdico e didáctico. Seis grupos tiñan que traballar de maneira colaborativa para abrir seis cadeados que pechaban a caixa protesta. Comezaba cunha breve explicación e un [vídeo](#) que presentaba a actividade. Durante a Semana cultural o alumnado participou neste [xogo](#).
- d. O proxecto rematou na Semana Cultural cun [peche moi especial](#) no que participou todo o instituto. O mércores 10 de abril o alumnado de 4º ESO percorreu as aulas dando charlas relacionadas co cómic que traballaron. Ao rematar, todo o centro acudiu á entrada onde tivo lugar un concerto con repertorio de cancións protesta e un obradoiro de papiroflexia.
- e. Durante a Semana cultural estivo no centro [Radio Valladares](#) gravando diferentes programas centrados nas actividades que se estaban a desenvolver. Durante catro días o estudio de radio estivo montado no noso centro e por el pasou alumnado, profesorado e os convidados que nos visitaron estes días.
- f. Abríronse as portas do centro para [visitar esta exposición](#). Recibimos o alumnado de 5º e 6º de primaria do CEIP Sobreira e os pais e nais do noso alumnado. Os rapaces de PMAR foron os encargados desta visita guiada que rematou cun obradoiro de papiroflexia.
- g. O alumnado de 3º PMAR elaborou un [Diario](#) da exposición *Eu protesto* no que se recollen todos os traballos realizados.

- h. Alumnado de valores creou [presentacións dixitais](#) que amosan os momentos máis importantes deste proxecto e que compartiron cos compañeiros europeos do proxecto eTwining no que participan.

4. Documentación elaborada

4.1. Para o profesorado

O deseño e a planificación do proxecto foi enviada por correo a todo o profesorado do centro, presentada nun claustro e exposta na sala de profesores. Creouse un [espazo web](#) que recolle todas as propostas: carteis de cada unha das propostas, cadro informativo coa planificación de actividades, explicacións sobre a realización das actividades.

4.2. Para o alumnado

- [Banco de recursos](#) para buscar e traballar coa información.
- [Post informativos](#) sobre cada unha das actividades.
- [Xogo protesta](#) para a exposición da Semana cultural.

5. Tarefas realizadas polo alumnado

- **ARTE:** [Intervención escultórica](#) fondo mariño [Intervención](#) igualdade.
- **INFORMACIÓN:** [Carteis](#) sobre os persoeiros investigados. [Carteis](#) informativos e interactivos en Genial.ly. [Carteis informativos](#). [Fichas](#) sobre lendas, contos e historias dos pobos con linguas minoritarias.
- **EXPOSICIÓNS ORAIS:** [Exposicións orais](#) e códigos. [Charlas do alumnado](#) de 4º ESO.
- **OBRADOIROS:** [Concerto protesta e obradoiro de papiroflexia](#).
- **CREACIÓN:** Exposición das [recreacións de obras](#) con temática de protesta. Exposición de [poemas](#). Blog colaborativo [PROTESTARIUM](#).

Creación dun [Bosque poético](#). [Robots](#) con material de refugallo.
[Chanzos poéticos](#).

6. Recursos utilizados

Para a realización do proxecto mercáronse novos materias mellorando algunhas das seccións da nosa biblioteca, por exemplo, poesía e [cómic](#). Ademais seleccionáronse recursos na rede como vídeos explicativos e textos informativos para a creación de poemas seguindo a técnica [Blackout Poetry](#). E utilizáronse ordenadores, tablets e teléfonos móbiles para realizar diferentes [actividades](#) de busca, tratamento e comunicación da información.

7. Implicación da comunidade educativa

A implicación da comunidade educativa foi moi boa.

- O equipo directivo apoiou o deseño e desenvolvemento do proxecto.
- Todo o alumnado do centro participou nunha ou varias actividades.
- O EDNL colaborou activamente no deseño e planificación do proxecto.
- Abríronse as portas do centro para visitar a exposición cos traballos realizados polo alumnado.

8. Difusión dos traballos

8.1. A rede

Todas as actividades foron recollidas no blog da biblioteca [O Sobreiral das palabras](#). O deseño e a planificación do proxecto está recollido no espazo web: [Eu protesto](#). Ademais difundíronse os traballos e as propostas nas contas das

redes sociais da biblioteca e do instituto: Twitter ([@OSobreiral](#), [@IESValadares](#)) Instagram ([@Osobreiral](#)), Facebook ([@iesvaladares](#)).

8.2. O centro

Todos os produtos finais presentáronse na exposición Eu protesto que invadiu os corredores do centro no mes de abril e foi inaugurada na Semana Cultural.

9. Avaliación

O proxecto foi valorado polos diferentes axentes que participaron nestas propostas e foron varios os instrumentos empregados.

9.1. Avaliación do proxecto

A avaliación centrouse en dous aspectos: as enquisas e as postas en común do profesorado implicado. Realizáronse dúas enquisas: unha dende a [biblioteca](#) escolar para valorar o traballo realizado e outra dende [xefatura](#) para analizar as actividades levadas a cabo. Realizáronse reunións tanto do equipo de biblioteca coma do profesorado implicado para avaliar o proxecto: os puntos fortes e os puntos débiles que haberá que mellorar.

9.1. Avaliación do alumnado

Para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe realizáronse diferentes [rúbricas](#) en distintas materias.

10. Función e participación da biblioteca

A biblioteca foi a encargada de deseñar e dinamizar o proxecto e durante o proceso: facilitou material e recursos ao profesorado, planificou as actividades comúns, dirixiu a montaxe da exposición final e difundiu as actividades realizadas.